

# INSTRUCCIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO TRAMITACIÓN DOS XUSTIFICANTES ESTRANXEIROS NO NOVO APLICATIVO INFORMÁTICO DE COMISIÓNS DE SERVIZO

## 1.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS NO APLICATIVO INFORMÁTICO

A través do novo aplicativo informático de comisións de servizo realizarase a solicitude e tramitación dos gastos relativos a:

- Facturas Estranxeiras FRE.
- Facturas de Importación FRI

Todos estes xustificantes deberán ser tramitados a través do novo aplicativo de Comisións de Servizo e deixar de rexistrarse manualmente no antigo Xesticonta.

## 2.- PERFIS DOS USUARIOS DA APLICACION INFORMÁTICA

Os usuarios da aplicación informática de comisións de servizo serán os mesmos que para a aplicación informática de PEDIDOS. Isto significa que os usuarios que necesiten solicitar ou tramitar algún dos xustificantes do apartado 1 deberán estar dados de alta na aplicación informática de pedidos. A alta no programa de pedidos está regulada na súa respectiva instrución.

Os tipos de usuarios ou perfís son:

**-solicitantes:** poderán cubrir o formulario de solicitude de liquidación de xustificantes estranxeiros e comunicarlle ao validador que pode proceder a súa solicitude.

**-validador:** poderán cubrir, solicitar e conformar as liquidacións de xustificantes estranxeiros.

**-RUG:** poderán realizar as mesmas tarefas que os validadores e ademais rexeitar ou enviar á UT a liquidación de xustificantes estranxeiros.

**-UT:** poderán facer o mesmo que os RUG e ademais denegar ou tramitar as liquidacións de xustificantes estranxeiros.

**-Oficina contable:** poderán realizar calquera tarefa no programa.

Os usuarios con perfil Unidade Tramitadora son os encargados últimos de revisar os documentos das liquidacións de xustificantes estranxeiros e de garantir a correcta liquidación dos importes aos terceiros implicados. Para elo poderán solicitar calquera tipo de información que se precise para a correcta xustificación da factura.

### **3.- TRAMITACION DOS DOCUMENTOS**

O proceso de tramitación dos documentos referidos as liquidacións dos xustificantes estranxeiros na aplicación informática, contempla as mesmas situacións que o proceso de pedidos e serán:

- En preparación
- Enviado a U.R.G.
- Enviado a U.T.
- Tramitado
- Conforme / Anulado
- Conciliado

O significado de cada fase estará especificado nos manuais publicados na páxina web de Xerencia.

Coa posta en marcha do aplicativo informático, toda a documentación esixida para a Liquidación de xustificantes estranxeiros da Universidade de Vigo será axuntada en formato electrónico. No caso de non existir documento electrónico orixinal axuntarase unha copia escaneada da documentación orixinal que se manterá custodiada na unidade de Asuntos Económicos do centro correspondente.

### **4.-ENTRADA EN VIGOR**

A posta en marcha do novo procedemento para a tramitación dos xustificantes estranxeiros realizarase a partir do 17 de xullo de 2017.



Vigo, 13 de Xullo de 2017  
O XERENTE  
Manuel Fernández Jauregui

SR. XEFE DE SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN  
SRA. XEFE DE SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA  
SRA. XEFE DE SECCIÓN DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO  
SRES. ADMINISTRADORES DOS ÁMBITOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO